



Valdoviño



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000029

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día sete de setembro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 479 de data 6 de setembro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez,, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 31.08.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 31.08.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/28.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/28.

Elabórase a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/28 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 6 facturas ascende á cantidade de CORENTA E TRES MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (43.837,06 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/28 por importe bruto de 43.837,06 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000125).

3º.- EXPEDIENTE RESOLUCIÓN CONTRATO: SANEAIENTO E BOMBEO EN MONTEFARO.-

“Expte. 2021/C003/000003 (expte contratación obra)

Expte. Resolución contrato: 2023/C008/000005

En data 13 de xullo de 2023 en Xunta de Goberno Local acórdase a proposta de resolución por incumprimento culpable do contratista por afectar a obrigas de carácter esencial que afectaron a execución do contrato, e solicitou para tal efecto ditame do Consello Consultivo de Galicia ao abeiro do establecido no artigo 191.3º a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e do artigo 12 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, dando traslado das actuacións practicadas para tal efecto.

En data 30 de agosto de 2023 recíbese a través do rexistro municipal o certificado do ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia da obra “Saneamento e Bombeo en Montefaro” entre a empresa SYR AMG SL e o Concello de Valdoviño co número CCG 258/2023.

Visto a conclusión do informe do Consello Consultivo de Galicia, no que consta literalmente:

“ Conclusión:

***Que informa favorablemente a proposta de resolución contractual á que o presente expediente se refire.*”**

PROPONSE pola Alcaldía á Xunta de Goberno Local adoptar os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Resolver o contrato: “ Saneamento e Bombeo en Montefaro” adxudicado á empresa SYR-AMG SL por incumprimento culpable conforme o artigo 211.1.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. (*O incumprimento da obrigación principal do contrato*), informado favorablemente polo Consello Consultivo de Galicia.

Segundo.- Solicitar informe do director de obra para a determinación dos danos e prexuízos e incautación da garantía definitiva.

Terceira.- Dar traslado da presente Resolución á empresa contratista, dirección de obra e avalista.

/Documento asinado polo alcalde na marxe esquerda/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2023/C008/000005).

4º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Aceptar renuncia á licenza urbanística de construción de vivenda unifamiliar.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA.

“Expte obras: 187/2019

.- Expte. de obras 187/2019.- [REDACTED]

Para a **renuncia expresa de licenza urbanística** de construción de vivenda unifamiliar en parcela sita na Travesía Centro de Saúde (agora Avda San Sadurniño nº 6), parroquia de Valdoviño, que se corresponde coa referencia catastral 9695104NJ6299N0001DJ.

Visto que por este Concello, con relación ao expediente de obras número 187/2019 instado por Pablo Cabrera Bermejo o 18 de novembro de 2019, concedeuse licenza urbanística por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado o 16 de xullo de 2020 para a construción dunha vivenda unifamiliar.

Visto solicitude presentada pola interesada Sonia María Martínez Sande, rexistrada de entrada o 03-05-2023, nº rexistro 202300000001200, na que expón que renuncian á realización e execución das obras solicitadas e por conseguinte solicita o arquivo do expediente .

Visto informe nº124/2023 da Policía Local de data 30 de xuño de 2023 no que se indica que na parcela que se corresponde coa referencia catastral **9695104NJ6299N0001DJ** non se realizaron as obras de construción de vivenda unifamiliar ás que se fai referencia no expediente 187/2019, e por conseguinte favorable a renuncia da refererida licenza urbanística.

Considerando que no artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e os artigos 351 e ss do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; así como nos artigos 84 e 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas –LPACAP-, establécese que a *Administración aceptará de plano a renuncia e declarará concluído o procedemento salvo que, persoándose no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da renuncia, e que se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fóra conveniente substanciala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento. Respecto diso, debe indicarse que non hai terceiros aludidos no procedemento, e que a cuestión suscitada non entraña interese xeral nin hai conveniencia para a súa resolución por obedecer a un mero interese particular do interesado na execución dunha actuación urbanística na súa propiedade. Resulta deste xeito posible a*

renuncia do dereito para exercer as facultades adquiridas cunha licenza urbanística, o que supón a extinción da mesma.

De conformidade cos antecedentes expostos, e vistas as atribucións que nesta materia confíreme o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta **Alcaldía propón a Xunta de Goberno Local** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. - Aceptar de plano a renuncia á licenza urbanística de construción de vivenda unifamiliar outorgada mediante acordo Xunta de Goberno local de data 16 de xullo de 2020, para a realización de actuación urbanística consistente en construción dunha vivenda unifamiliar en parcela sita na Travesía Centro de Saúde (agora Avda San Sadurniño nº 6), parroquia de Valdoviño, que se corresponde coa referencia catastral 9695104NJ6299N0001DJ.

, con número de expediente 187/2019, todo iso de acordo co solicitado, por D^a [REDACTED] e dar por finalizado o procedemento e archivar as actuacións, de tal xeito que dita licenza non terá efectos nin validez dende a data da notificación da presente resolución.

Advírteselle expresamente que a execución das obras sen o preceptivo título habilitante, comportará a apertura de expediente de reposición da legalidade urbanística e sancionador que corresponda.

SEGUNDO. – Procede a liquidación da taxa por importe de 48.08 euros en concepto de revisión de proxecto. Xirarase carta de pago coa notificación so presente acordó.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, o 5 de Setembro de 2023.

O Alcalde

Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía de obras transcrita literalmente.

B.- Modificación de licenza de obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR POR MODIFICADO DE PROXECTO E VALIDACIÓN DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.

“Expte. 286/2021 Tedec 2022/U022/000025

.- Expte. de obras 286/2022.- Nomad Design Retreats, S.L. (representado por [REDACTED] [REDACTED].- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar (inclúe peche frontais de parcela) situada no Lugar de Atalaia, 18, Parroquia de Vilarrube, Concello de Valdoviño (Ref.catastral nº 15088A05501040000HY.

Concédesse a licenza de edificación por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.06.2022 con base á seguinte documentación:

- Proxecto básico de vivanda unifamiliar redatado polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde, achegado o 19/11/2021.
- Proxecto básico modificado de vivanda unifamiliar (que substitúe ao anterior) redatado polos mesmos técnicos y achegado o 30/05/2022.

E condicionado o inicio das obras á achega da seguinte documentación debidamente visada:

- Proyecto de execución, visado.
- Estudio Básico de seguridade e saúde visado.
- Nomeamento de arquitecto como director de obra nun modelo homologado por dito colexio.
- Nomeamento de arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.

O 20.12.2022 solicitase prórroga para o inicio das obras, que foi concedida por acorda da Xunta de Goberno Local o 09.02.2023.

O 10.05.2023 e co nº 202399900000775 de rexistro de entrada, achegase ao expediente a devandita documentación:

- Proxecto básico modificado 2 de vivanda unifamiliar e peche, redatado polos arquitectos Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde.

O 31/07/2023 e rexistro xeral de entrada nº. 202399900001243, achegase ao expediente:

- Nomeamento de arquitecto como director de obra a nome de Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde, visado polo correspondente colexio profesional o 26/07/2023.
- Nomeamento de arquitecto técnico como director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde a nome de Santiago Rey Conde, visados polo correspondente colexio profesional o 31/07/2023

Considerando que os cambios propostos no proxecto básico modificado 2 e o proxecto de execución de vivanda unifamiliar aillada son viables e que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe complementario do arquitecto municipal de data 31/08/2023 que se emite en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada e modificar as condicións de edificabilidade de conformidade co establecido na documentación técnica achegada da licenza de edificación concedida o 26.06.2022 para as obras de **construción de vivanda unifamiliar (inclúe peche frontais de parcela)** situada no **Lugar de Atalaia, 18, Parroquia de Vilarrube, Concello de Valdoviño (Ref.catastral nº 15088A055010400000HY).**

Dita modificación non condiciona a eficacia da licenza, mantendose o prazo de execución das obras.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ismael Ameneiros Rodríguez e Santiago Rey Conde e manteranse as condicións

senaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 15 de xuño de 2022, que se trasladaron coa notificación da licenza.

Terceiro.- Considerando que o PEMR e o PEM do proxecto modificado 2 varía respecto do anterior, supón unha diferenza a favor do promotor na liquidación do ICIO de 249.14 euros. Procede, polo tanto, aprobar a devolución do importe de 249.14 euros.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2022/U022/000025

C.- Modificación de licenza de obra maior.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR POR MODIFICADO DE PROXECTO E VALIDACIÓN DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.

“Expte. 58/2022 Tedec 2022/U022/000007

.- Expte. de obras 58/2021.- [REDACTED] - Para as obras de construción de vivenda unifamiliar (inclúe peche frontal de parcela) situada no Lugar de O Campo, 69, parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño (Ref.catastral nº 15088A03302790000GD.

Concédesse a licenza de edificación por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.08.2022 con base á seguinte documentación:

- Proxecto básico de vivenda unifamiliar redatado polas arquitectas Natalia Vidal Soliño y Vanesa Rey Docal, achegado o 07/04/2022.
- Proxecto básico de vivenda unifamiliar redatado polas mesmas arquitectas e achegado o 16/06/2022 e que substitúe ao anterior.
- Plano n.º 01 (situación y emplazamiento) achegado o 06/07/2022.

E condicionado o inicio das obras á achega da seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución, visado.
- Estudo Básico de seguridade e saúde visado.
- Nomeamento de arquitecto como director de obra nun modelo homologado por dito colexio.
- Nomeamento de arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra visado e nun modelo e homologado por dito colexio.

O 05.04.2023, e con nº de rexistro de entrada 202399900000568, achegase ao expediente a devandita documentación:

- Reformado de proxecto básico e proxecto de execución de vivenda unifamiliar, redado pola arquitecta Natalia Vidal Soliño e visado polo correspondente colexio profesional o 23/03/2023.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Natalia Vidal Soliño, visado polo correspondente colexio o 23/03/2023.

O 07.06.2023 e co nº 202399900000937 de rexistro de entrada, achegase ao expediente nomeamento de arquitecto técnico como director de execución da obra e coordinador de Seguridade e saúde a nome de Eva Moran Saído, visados polo correspondente colexio profesional o 06/06/2023.

O 20.06.2023 e rexistro xeral de entrada nº. 202399900001005, achégase ao expediente a seguinte documentación:

- Plano nº. 03, redactado pola arquitecta Natalia Vidal Soliño e visado polo correspondente colexio profesional o 19/06/2023.
- Estudo xeotécnico.

Considerando que o reformado de proxecto básico e o proxecto de execución de vivenda unifamiliar aillada son viables e que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe complementario do arquitecto municipal de data 18/08/2023 que se emite en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada e modificar as condicións de edificabilidade de conformidade co establecido na documentación técnica achegada da licenza de edificación concedida o 11.08.2022 para as obras de **construción de vivenda unifamiliar (inclúe peche frontal de parcela)** situada no **Lugar de O Campo, 69, parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño (Ref.catastral nº 15088A0330279000GD)**.

Dita modificación non condiciona a eficacia da licenza, manténdose o prazo de execución das obras.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta [REDACTED] e manteranse as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 8 de agosto de 2022, que se trasladaron coa notificación da licenza.

Terceiro.- Considerando que o PEMR e o PEM do reformado de proxecto básico e de execución varía respecto do anterior, supón unha diferenza a favor do promotor na liquidación do **ICIO** de 496,32 euros. Procede, polo tanto, aprobar a devolución do importe de **496,32 euros**.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2022/U022/000007

5.-PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA CONCESIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2023.-

“Visto o informe de valoración das “Medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2023” emitido polo Departamento de Servizos Sociais

e vista a acta da comisión avaliadora, o órgano colexiado que se establece no artigo 21 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 4 das bases reguladoras (anuncio no BOP N° 139 de 21 de xullo de 2023), conformado por:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía- Presidente)

e que se transcribe a continuación:

“ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2023.

Reunida a Comisión de avaliación en relación ás solicitudes das *MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2023*, o día 30/08/2023 ás 10:30 horas, procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instructor do procedemento, e que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA SOBRE SOLICITUDES DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2023.

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ás bases que regulan a concesión de axudas de medidas de apoio ás familias (anuncio no BOP N° 139 de 21 de xullo de 2023) e en relación ás solicitudes presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello

INFORMO:

1. Que foron valoradas as 62 solicitudes presentadas na forma e prazo establecidos.

2. Que naqueles casos nos que se precisou xustificar ou aclarar a documentación presentada, fíxose un requirimento telefónico e posteriormente presentaron a información no Departamento de Servizos Sociais (vía presencial ou por correo electrónico) para adxuntar ás solicitudes e poder valorar correctamente.
3. Que a avaliación foi realizada segundo os criterios contemplados nas bases da convocatoria, coas seguintes aclaracións:
 - No caso de separación/divorcio, solicitouse o convenio regulador ou sentenza na que se recollese a cantidade por pensión de alimentos, así como a declaración xurada nos casos nos que non se percibe pensión de alimentos polo proxenitor non solicitante.
 - Tres das solicitudes son de persoas receptoras de pensións ou axudas sociais, existindo coñecemento por parte do persoal de Servizos Sociais da situación familiar que explica que sexa familia beneficiaria por cumprir co criterio de insuficiencia económica.
4. Tras a revisión das solicitudes por parte do equipo técnico do Departamento, valórase que:

4.1.CUMPREN os requirimentos establecidos nas bases, as seguintes:

BOLSAS PARA MATERIAL ESCOLAR

47 SOLICITUDES, e aplicando criterios de reparto de axudas específicas no baremo corresponderían os seguintes importes a cada solicitude:

Nº	NOME	DNI	Nº MENORES BOLSA	% AXUDA	CANTIDADE CONCEDIDA
1	S. R. B.	██████████	1	100%	90 €
2	A. R. Y.	██████████	1	50%	45 €
3	Á. A. L.	██████████	2	100%	180 €
4	C. A. F.	██████████	3	100%	270 €
5	A.M. P. D.	██████████	2	100%	180 €
6	Y. R. L.	██████████	1	100%	90 €
7	V. V. V	██████████	1	100%	90 €
8	C. M. B.	██████████	2	100%	180 €
9	T. S.R.	██████████	2	100%	180 €
10	A. R.F.	██████████	2	100%	180 €
11	A.F. R.	██████████	1	100%	90 €
12	M. T. P. D.	██████████	2	50%	90 €
13	M.C. V. G.	██████████	1	100%	90 €
14	R. C. V.	██████████	2	100%	180 €

15	E. C. V.	██████████	2	100%	180 €
16	J. M. R.	██████████	2	100%	180 €
17	A. C. G.	██████████	2	50%	90 €
18	J. P. M.	██████████	1	100%	90 €
19	N. L. A.	██████████	1	100%	90 €
20	A. M. A. L.	3 ██████████	2	100%	180 €
21	P. D. S. R.	██████████	2	100%	180 €
22	M. D. L. J. J.	██████████	4	100%	360 €
23	M. R. F.	██████████	2	50%	90 €
24	E. R. P.	██████████	3	100%	270 €
25	C. B. F.	██████████	1	50%	45 €
26	L. S. I.	4 ██████████	2	100%	180 €
27	O. S. O.	██████████	1	100%	90 €
28	M. C. G. G.	██████████	4	100%	360 €
29	M. L. C. P.	██████████	1	100%	90 €
30	M. J. N. P.	██████████	2	100%	180 €
31	L. M. A. A.	██████████	1	100%	90 €
32	M. C. A. B.	7 ██████████	1	100%	90 €
33	X. M. C. V.	██████████	2	100%	180 €
34	M. R. O. C.	██████████	2	100%	180 €
35	A.L. P	██████████	2	50%	90 €
36	M. A. D. B.	██████████	1	100%	90 €
37	I. C. H.	██████████	2	50%	90 €
38	J. C. C.	██████████	2	100%	180 €
39	M. V. S. M.	██████████	2	100%	180 €

40	M. I. A. R.	████████	2	100%	180 €
41	Á. V. P.	████████	1	100%	90 €
42	V. M. D. L.	████████	1	100%	90 €
43	M. E. R. J.	████████	1	100%	90 €
44	M. A. G. P.	████████	1	100%	90 €
45	L. C. T.	████████	1	100%	90 €
46	C. F. D.	████████	1	50%	45 €
47	J. L. S. R.	████████	2	50%	90 €
TOTAL			80		6525 €

GASTOS DE TRANSPORTE

11 SOLICITUDES e aplicando criterios de axuda única, as solicitudes correspondentes son:

Nº	NOME	DNI	Nº MENORES BOLSA	CANTIDADE CONCEDIDA
1	M. C. V. G.	████████	1	100,00 €
2	C. A. F.	████████	1	100,00 €
3	V. M. D. L.	████████	1	100,00 €
4	P. D. S. R.	████████	1	100,00 €
5	M.T. P. D.	████████	1	100,00 €
6	J.P. M.	████████	1	100,00 €
7	E. R. P.	████████	2	200,00 €
8	A. L. P.	████████	1	100,00 €
9	I. C. H.	████████	1	100,00 €
10	M. V. S. M.	████████	2	200,00 €
11	C. F. D.	████████	1	100,00 €
TOTAL			13	1300€

O importe TOTAL de axudas que se proponen conceder ascende a 7825 euros

NON CUMPREN os requirimentos establecidos nas bases as seguintes:

	NOME	DNI	MOTIVO DA DENEGACIÓN
1	P. R. L.	██████████	Superación do límite de ingresos establecidos no punto 6.5 das bases.
2	B. V. P.	██████████	
3	J. F. M.	██████████	
4	I. A. F.	██████████	
5	M. Á. R. P.	██████████	
6	M. C. P. D.	██████████	
7	Y. G. P.	██████████	
8	J. P. P.	██████████	
9	I. A. L.	██████████	
10	V. L. P.	██████████	
11	J. G. F.	██████████	
12	R. R. R.	██████████	
13	Y. G. P.	██████████	
14	A.G.P.	██████████	Solicita transporte para centro escolar ubicado en Valdoviño
15	L.M.A.A.	██████████	Admisión en centro escolar privado

NOTA:

*Unha vez se resolva a subvención, as familias deberán xustificar mediante **documentos formais e Anexo II** debidamente cuberto e asinado entre o **1 e o 15 de outubro** deste ano a compra realizada (facturas das compras realizadas ata o 30 de Setembro de 2023 para os conceptos de material, ou xustificante de ingresar na tarxeta do bus para o concepto de transporte.).

*Para aquelas familias con dificultade para realizar o gasto, existe a opción de solicitar a cesión do dereito de cobro, resultando disto unha xestión de pagamento directo ao establecemento (**Anexo III**).

Este é o informe que se emite para que sexa elevado a Comisión avaliadora e que teña efecto a proposta de concesión de axudas para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.

En Valdoviño a 30 de agosto de 2023

Iria García Martínez
Educatora Social (colex.3545)”

Os membros da Comisión avaliadora aproban o informe presentado, coa correspondente aprobación do gasto por un importe total de 7825 euros:

- Rosa Ana García López (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Alberto González Fernández (Alcaldía- Presidente)

Valdoviño, 31 de agosto de 2023”

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de concesións das axudas para as medidas de apoio ás familias para a adquisición de material escolar e o transporte, atendendo á acta da Comisión avaliadora, por un valor total de 7825 euros e proceder posteriormente á comunicación das ditas concesións.

Valdoviño, 05 de setembro de 2023

O Alcalde
Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2023/A002/000003

6.- PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DE CONCESIÓN CONDICIONADA A ACLARACIÓN EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2023.

“INFORME SOBRE CONCESIÓN CONDICIONADA A ACLARACIÓN EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA O ESTUDO E TRANSPORTE DO ANO 2023

Iria García Martínez, Educatora Social do Concello, en relación ás bases que regulan a concesión de axudas das medidas de apoio ás familias destinadas á adquisición de material para o estudo e transporte do ano 2023 (anuncio no BOP N° 139 de 21 de xullo de 2023)

INFORMO:

Que unha vez revisada a documentación e remitida proposta de concesión para a súa aprobación pola Comisión de Valoración, con acta de data 31.08.2023 e presentada a mesma para aprobación na Xunta de Goberno Local, detéctase incerteza nun dato recollido

nunha das solicitudes (A.F.R., 32701501D), polo que se require á solicitante a presentación do documento que aclare a dita situación.

A cuestión que require ser aclarada é a existencia de documentación por parte de Inspección educativa para a escolarización da menor nun centro fóra do municipio, ao estar en Educación Secundaria Obrigatoria.

Debido ao carácter urxente, comunícase á solicitante un prazo de cinco días para subsanar a documentación, e de non facelo será denegada a subvención.

Este é o informe que se emite para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.

En Valdoviño a 6 de setembro de 2023

Iria García Martínez
Educatora Social (colex.3545)

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión condicionada a aclaración no caso da solicitude de A.F.R., 32701501D en relación ás medidas de apoio ás familias para a adquisición de material escolar e o transporte.

Valdoviño, 06 de setembro de 2023

O Alcalde
Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2023/A002/000003)

7º.- - ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/